




Mide O Teu Bo Trato

Construímos sociedades pacíficas e inclusivas desde a infância

DESCUBRE:

Non podemos conformarnos con non tratar mal

En Educo escoitamos nenas, nenos e adolescentes para chegar a unha definición de bo trato. Recórdannos que vai máis aló de evitar o abuso físico. Tamén implica afastarse dos berros, os malos modos, o desprezo e a falta de consideración cara ás súas opinións. **Cultivar a empatía, o respecto e a escoita é a base para o bo trato.**



Non falamos só de acabar co mal trato, senón que defendemos o **coidado, o diálogo, a creación de espazos seguros e as relacións sas.** Queremos asegurar que se cumpran os dereitos da infancia e da adolescencia.

Accede á nosa web e ao vídeo da campaña se queres **saber máis:**

WEB

VÍDEO

COMPROBA:

Que tal o fas? • Algo no que mellorar?

En Educo, cando pensamos en bo trato, facémolo con base en **catro elementos básicos**:

1
2
3
4

Os espazos e os tempos

as contornas físicas nas que se desenvolven nenas, nenos e adolescentes deben ser agradables, accesibles e aptas para a experimentación e o xogo. Debemos, ademais, respectar os seus tempos e ritmos, facelos partícipes cando decidamos plans e acordar de xeito democrático as responsabilidades de cada un e cada unha.

A linguaxe e a comunicación

hai que facerlles chegar a información sobre o que lles afecta de xeito claro e comprensible, respectar os silencios e axudar a expresar dúbidas e, sempre, empregar unha linguaxe amable, sincera, respectuosa e mostrando interese e atención.

Emocións e autocoidado

facilitar o descanso e actividades para o corpo e a mente, fomentar a autonomía e comprender e acompañar con afecto as emocións son tamén clave no bo trato.

Relacións persoais

que permitan gozar a vida, a familia e a comunidade con humor e optimismo. Deben estar baseadas no amor e no cariño, en compartir a toma de decisións, o traballo cooperativo e en resolver os conflitos desde a escoita e a empatía.



Que che propoñemos?

Reflexiona en colectivo sobre os catro elementos anteriores e mide o teu bo trato.

—→ Podes facelo en familia

RECURSOS PARA FAMILIAS BOTRATISTAS

—→ Ou se es profe, podes facelo na aula co noso cartel medidor, que atoparás, onda outros recursos, aquí:

RECURSOS PARA DOCENTES



ACTÚA:

Avanza no Bo Trato

Cando xa mediches o teu bo trato, **é momento de pasar á acción:**

- Se como grupo ou familia chegastes á conclusión de que hai temas nos que mellorar, decide conxuntamente **que retos vos poñedes para avanzar no bo trato**. Podedes considerar obxectivos máis inmediatos e outros para o medio e longo prazo.
- Podes **asinar como botratista** para que che sirva como recordatorio dos compromisos aos que chegaches.

QUERO ASINAR

- Difunde e **sensibiliza a túa contorna**. Seguro que coñeces xente que estaría interesada neste tema. Failles chegar este tríptico ou comparte a páxina web e os vídeos da campaña.
- Se traballas no **ámbito educativo**, entre outros recursos, elaboramos unha guía específica para a aula que seguro que che interesará.

GUÍA PARA A AULA



E non esquezas que o bo trato vai máis aló do que ocorre na túa casa ou na escola e que necesitamos fortalecer a cultura de paz a nivel mundial. Animámoste a que sigas de cerca todo o relacionado co **Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 16 da Axenda 2030**.


ODS 16

ACTUALIZA:

Non esquezas celebrar e seguir mellorando!



Normalmente é moi motivador botar a vista atrás e comprobar os obxectivos logrados. E, ao mesmo tempo, tomar conciencia do que nos queda por facer. Neste sentido, **animámoste a que, periodicamente, volvas ao punto que chamamos "Comproba" para que ti e a túa familia ou comunidade educativa sigades avanzando no bo trato.**



#MideOTeuBoTrato

elmejortrato.es

coa financiación de:

